



## **CONCELLO DE POIO**

Praza do Mosteiro, 1  
36995-Poio (Pontevedra)

MC

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA-SUPLETORIA NÚMERO CATROCENTOS SEIS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL OITO.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do día vinte e cinco de xuño de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e con asistencia dos/as Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup> Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Ángel Moldes Martínez, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez e D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González; escusa a non asistencia D<sup>a</sup>. Irene Ligerio Iglesias. Asiste como Secretaria a da Corporación D<sup>a</sup>. Paula Ramos Díaz e D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez en calidade de interventora municipal; reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria-supletoria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Pola presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

3126.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 27 DE MAIO DE 2008.- Pola secretaria dáse conta da acta anterior do 27 de maio, solicitándose as seguintes rectificacións:

A Sra. Besada Lores solicita a seguinte rectificación: pax. 8, no segundo parágrafo onde di: "A memoria do PP escolle" debe dicir: "A memoria ao PP escócelle".

O Sr. Domínguez Lino solicita que se corrixa na pax. 9 no 1º parágrafo onde di: "que suprimir as festas" debe dicir: "que reducir gastos de festas". E na páxina 17 despois do parágrafo 10º debe dicir: "O Sr. Domínguez Lino solicita unha copia da repercusión de todos os gastos".

A Sra. Iglesias Díaz solicita que na páx. 1 no 3º parágrafo onde di: "Díaz Iglesias" debe dicir: "Iglesias Díaz".

Previa rectificación a acta quedou aprobada por unanimidade.

3127.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Pola secretaria dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3121.- APROBACIÓN MODIFICACIÓN RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO CON EFECTOS RETROACTIVOS A 01/01/2008.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunícase ao Departamento de Intervención Municipal; 3122.- PLAN DE SANEAMENTO FINANCIERO DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunícase á Dirección Xeral de Política Financeira, remítese e publícase anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 3123.- SOLICITUDE ADHESIÓN Á MARCHA CONTRA CELULOSAS O 14/06/2008, DE ANTÓN MASA PRESIDENTE DO APDR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notifícase á Asociación pola Defensa da Ría; 3124.- URBANISMO, MOCIÓN SOBRE A DERROGACIÓN DO DECRETO DAS NORMAS DO HÁBITAT GALEGO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3125.- COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE PARA INFORMAR SOBRE O REALOXAMENTO DO BAO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo."

A corporación dáse por enterada.

3128.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola secretaria dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario, que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos da orde do día; a corporación dáse por enterada.

3129.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2007.- Pola secretaria dáse conta do expediente sobre a liquidación do orzamento ordinario correspondente ao exercicio económico 2007 que foi aprobado mediante decreto da alcaldía de data 29 de maio de 2008 e informado pola Intervención Municipal na mesma data.

Dándose conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xuño que di textualmente: "Dáse conta do expediente, do Decreto da Alcaldía de data 29 de maio de 2008, sobre aprobación liquidación do orzamento ordinario correspondente ó exercicio económico de 2007 e que é a seguinte: Dereitos Recoñecidos Netos 13.740.572,80 €, Obrigas Recoñecidas Netas 12.224.423,38 €, Resultado orzamentario antes de axustes 1.516.149,42 €, Resultado despois de axustes 441.703,12 €; e do informe da Intervención Municipal de data 29 de maio de 2008.

A Comisión dáse por enterada."

A corporación dáse por enterada da aprobación da liquidación do orzamento ordinario correspondente ao exercicio económico 2007, por decreto da alcaldía do 29 de maio de 2008.

3130.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 9/2008 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Pola secretaria dáse conta do expediente tramitado a

proposta do Concelleiro Delegado de Turismo e Festexos no que propón realizar unha modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito, polos importes imputados as partidas 751.22607 e 751.22608, 18000 € en cada unha, co fin de repoñer o crédito previsto inicialmente para as mesmas e na partida 911.46300 onde se contabilizan as aportacións á mancomunidade un suplemento de 400 €.

O expediente foi informado favorablemente pola intervención municipal con data 10 de xuño e ditaminado pola Comisión Municipal de Facenda, Gobernación e Contas co seguinte tenor: "Dáse conta do expediente e da memoria da Alcaldía de data 9 de xuño de 2008 sobre modificación de créditos nº 9/2008, suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, informe da Intervención Municipal de data 10 de xuño de 2008.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes."

A Corporación por unanimidade acordou aprobar inicialmente a modificación orzamentaria proposta 9/2008, mediante suplemento de crédito e que se someta á información pública mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por quince días, de non presentarse alegacións contra a mesma esta entenderase aprobada definitivamente.

3131.- RATIFICACIÓN DO ACORDO NÚM. 5357 DA XGL E DATA 09/06/2008, SOBRE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "CASA DE CULTURA DE RAXÓ". EXECUCIÓN DE AVAIS POR ACOPIO DE MATERIAL.- Pola secretaria dáse do acordo 5357 adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 9/06/2008 que di o que segue: "5357.-RESOLUCIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "CASA DE CULTURA DE RAXÓ". EXECUCIÓN DE AVAIS POR ACOPIO DE MATERIAIS.-Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co artigo 83 do R.O.F., R.D. 2568/1986, de acordo coa maioría requirida no artigo 47 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, dáse conta expediente tramitado e do remate do prazo de audiencia outorgado no expediente de contratación "Casa de Cultura de Raxó" a Professional Interservices, S.A.; ACC SEGUROS E REASEGUROS DE DAÑOS, S.A. e IBERAVAL, SOCIEDAD DE GARANTÍA RECÍPROCA, sen que se presentase documentación ou alegación ningunha.

Así mesmo dase conta dos informes técnicos emitidos polos directores facultativos de 31 de maio de 2008: "INFORME SOBRE EL ESTADO ACTUAL DE LAS OBRAS Y NUEVO PRESUPUESTO DE LICITACIÓN.

A petición del Concello de Poio se elabora el siguiente informe en el que se valoran los trabajos ejecutados en obra y las partidas válidas de la primera certificación presentada por PROINSA con el fin de elaborar un nuevo presupuesto de ejecución por contrata con el que pueda licitarse el resto de la obra, una vez parece que se ha hecho efectivo el abandono de la obra por parte de

PROINSA. Para ello, este informe hace referencia al elaborado con fecha 22 de abril de 2008 y llamado "Informe M+2E acerca del estado actual de las obras" y al informe económico presentado por el aparejador municipal y director de ejecución de la obra, D. Fernando Sevilla, de fecha 30 de maio de 2008.

Sobre la conveniencia de que se mantenga el estado actual de la obra, con los encofrados colocados y parte del forjado montado con sus armaduras y bovedillas puestos en obra, esta Dirección facultativa y Dirección de ejecución consideran que, dada la entidad de lo armado y el tiempo transcurrido desde su colocación, debieran retirarse tanto los armados como las bovedillas de dicho forjado al presentar a día de hoy un visible estado de deterioro desde la fecha de abandono de la obra.

En cuanto a los encofrados, si esta situación no se prolonga excesivamente en el tiempo se ve viable el que permanezcan en obra cuidando las medidas de protección, vallado, accesos, etc., a la obra en correcto estado. No obstante, si se prevé una fecha de reanudación de la obra a medio plazo, será conveniente el desmontaje también de puntales y encofrados con deterioro de los mismos.

Con estas consideraciones, y en base al informe económico citado anteriormente, se considera válido lo ejecutado y certificado por una cantidad de 138.470,13 € sobre un total de 1.248.505,85 €, con lo que la diferencia será el presupuesto de ejecución por contrata para la licitación del resto de la obra, esto es, 1.110.035,72 €".

Tamén se dá conta do informe da secretaria municipal do 2 de xuño de 2008:

"1. Antecedentes de feito.

-Con data 4 de abril de 2008 a empresa adxudicataria das obras "CASA DE CULTURA DE RAXÓ" recibe comunicación formal do concello de Poio polo que se lle require para que no prazo improrrogable de 48 horas proceda a por a disposición do órgano de contratación no almacén municipal sito en A Seca (Poio), os materiais acopiados e garantidos polos avais prestados polo importe de 148.000,00 euros pendentos de aplicación á obra de referencia.

-Non se ten constancia da recepción de alegación ningunha do contratista.

-O 3 de abril de 2008 o director de execución da obra, D. Fernando Sevilla Ricote, arquitecto técnico municipal, emite informe no que pon de manifesto: "que dita obra atópase parada por parte da empresa construtora desde fai aproximadamente mes e medio, na actualidade en estado de abandono total" e así mesmo : "Tamén informo que debido a esta situación non é posible cumprir co prazo de terminación da obra (xuño 2008)".

-O 21 de abril de 2008 desde esta Secretaría emítese informe sobre a necesidade de proceder á execución dos avais prestados pola empresa adxudicataria das obras se dos informes técnicos dos directores de obra se desprendese: "..ausencia ou ausencia parcial dos materiais así garantizados non aplicados a

obra, procederá executar os avais ata o importe que corresponda dentro dos 148.000,00 euros certificados.". Así mesmo recóllense e analízanse a concurrencia de diversas circunstancias que poderían dar lugar á resolución do contrato.

-Por acordo de Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 21 de abril de 2008 e en base ao informe de Secretaría e ao informe do director de execución, dase traslado ao pleno previo informe da Comisión informativa correspondente de expediente de inicio de resolución de contrato.

-Con data 22 de abril de 2008 emítese informe polos directores de obra no que se afirma que "...el material certificado en la certificación de acopios nº 1 por valor de 141.000,00 euros no existe en dicha obra", engadindo: "...Dado que el plazo de ejecución ofertado por la empresa es de 8 meses y el acta de replanteo data del 10 de octubre de 2007, la dirección de ejecución y dirección facultativa ven, técnicamente inviable, el cumplimiento de los plazos para la finalización de la misma.

-Consta ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas celebrada o 25 de abril de 2008.

-Posteriormente o Pleno en sesión ordinaria celebrada o 29 de abril de 2008 ratifica os previos acordos de xunta de Goberno Local e acorda iniciar os trámites para a execución dos avais prestados pola entidade ACC SEGUROS E REASEGUROS DE DAÑOS, S.A. certificados nº A7-0117261-40, A7-0117262-40, A7-0117263-40, A7-0117264-40 e A7-0117265-40 por importe de 148.000,00 euros depositados na tesourería municipal con data 22 de novembro de 2007 e de resolución do contrato por incumprimento de prazos e demais obrigas esenciais da contratación nos termos previstos nos informes técnicos emitidos, outorgando a Professional Interservices, S.A.; ACC SEGUROS E REASEGUROS DE DAÑOS, S.A. e IBERAVAL, SOCIEDAD DE GARANTÍA RECÍPROCA un prazo de audiencia de dez días hábiles con traslado dos informes técnicos incorporados con tal finalidade ao expediente.

-Rematado o prazo de audiencia, non consta no expediente a presentación de alegación ningunha por parte das tres interesadas.

-O 31 de maio de 2008 emítese novo informe dos directores facultativos.

## 2. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Execución dos avais prestados por acopio de materiais.

Tal e como se describe nos antecedentes de feito transcritos, á vista dos informes técnicos que obran no expediente emitidos con data 22 de abril de 2008 e de acordo co informe emitido por Secretaría de 21 de abril de 2008, rematado o prazo de audiencia outorgado á empresa aseguradora en cumprimento do establecido no artigo 46 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño de 2008, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, sen que se presentase alegación ningunha, deberase proceder a executar os avais prestados por ACC SEGUROS E

REASEGUROS DE DAÑOS, S.A nº A7-0117261-40, A7-0117262-40, A7-0117263-40, A7-0117264-40 e A7-0117265-40 por importe de 148.000,00 euros depositados na tesourería municipal con data 22 de novembro de 2007.

Segunda.- Resolución do contrato.

Reitéranse as consideracións verquidas no informe emitido con data 21 de abril de 2008:

"Dos antecedentes de feito incorporados ao presente informe dedúcese a necesidade de efectuar as consideracións xurídicas oportunas en relación á resolución do contrato da obra "CASA DE CULTURA DE RAXÓ" coa empresa adxudicataria.

No informe emitido polo director de execución das obras conclúese a imposibilidade de rematar as obras no prazo previsto, 10 de xuño de 2008.

A normativa contractual prevé a posibilidade de resolver os contratos cando do incumprimento dos prazos parciais se derive a imposibilidade do cumprimento do prazo total de execución (artigo 95 TRLCAP) en cao de non optar pola imposición de penalidades:

"1. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

2. A constitución en demora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

3. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrer en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 20 por cada 100.000 pesetas (0,12 por 601,01 euros) do prezo do contrato.

O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo ás especiais características do contrato, considérese necesario para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente.

4. Cada vez que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

5. A Administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, cando se houberen previsto no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total."

Así mesmo o artigo 111.e) TRLCAP recolle dentro das causas de resolución do contrato: a demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.

Pese a que non se especifique claramente prazos de cumprimento parcial, a cláusula 22º marca un ritmo de execución e

obra certificada para o seu abono nos exercizos 2007 e 2008 que se incumpre claramente no presente contrato, ao que se engadiría o xa previsto no informe do director de execución.

En calquera caso debe ser un incumprimento imputable ao contratista. Tal como aclara o informe do director de execución material, no só se aprecia paralización senón total abandono das obras, sen que se teña reanudado a execución do contrato dende a adopción da orde dada pola Xunta de Goberno Local por acordo adoptado o 7 de abril de 2008 sen que se recibise petición ningunha de prórroga..

En tal sentido será necesario que o informe técnico a emitir faga expresa mención do continuado estado de paralización dende a recepción da comunicación pola empresa contratista.

O propio incumprimento do réxime propio da subcontratación xunto co incumprimento do deber de vixiancia que sobre os materiais afectos a obra para evitar calquera tipo de sustracción, perda ou deterioro en canto obrigas esenciais do contratista (artigo 111.g) TRLCAP) deberían ser tidas en conta no expediente de resolución que deberá dar lugar a incautación da garantía definitiva e determinación, no seu caso, de indemnización polos danos e perxucios causados en decisión motivada do órgano de contratación no que se dará audiencia ao contratista atendendo, entre outros factores, a demora que implica para a inversión proxectada e os maiores gastos que ocasiona para o Concello..

De acordo co artigo 59 TRLCAP no expediente deberase dar audiencia ao contratista e a empresa aseguradora da garantía definitiva en calidade de interesada para os efectos do artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e si se formulase oposición terase que solicitar o informe do Consello Consultivo de Galicia".

Acredítase no informe emitido polos directores de obra do 22 de abril de 2008 a inviabilidade técnica de dar cumprimento ao prazo de execución en tempo e forma, sen que no prazo de audiencia outorgado á empresa, ésta procedese en modo ningún non só a opoñerse á resolución do contrato senon igualmente a presentar solicitude de prórroga na que se razoasen ou motivasen as circunstancias que deron lugar á paralización da obra con presentación de novo programa de traballos xustificativos de posible novo prazo de execución.

Tampouco consta alegación ningunha da empresa aseguradora que prestou a garantía definitiva.

Por tanto, infórmase favorablemente o procedemento de resolución de contrato por incumprimento de prazos con imposibilidade de cumprimento de prazo total e das obrigas inherentes ó deber de vixiancia e réxime da subcontratación (artigos 95 e 111.e) e g) do Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño), sen que sexa necesario requirir o informe do consello Consultivo de Galicia por non formularse oposición por parte do contratista nos termos do artigo 59 da normativa contractual.

En aplicación do establecido no artigo 113.4 e 5º da Lei de contratos das administracións públicas, no acordo que se adopte

polo órgano de contratación deberase recoller pronunciamento expreso sobre a perda da garantía definitiva, por tratarse de incumprimento culpable do contratista, e do posible alcance da indemnización polos danos e perxuízos irrogados”.

En relación á primeira das cuestións plantexadas no informe de Secretaría, cabe lembrar que tal como se facía constar pola mesma funcionaria con data 21 de abril de 2008 en relación coas garantías prestadas por ACC SEGUROS E REASEGUROS DE DAÑOS, S.A nº A7-0117261-40, A7-0117262-40, A7-0117263-40, A7-0117264-40 e A7-0117265-40 por importe de 148.000,00 euros:

“No texto dos avais figura expresamente:

“El asegurador asume el compromiso de indemnizar al asegurado al primer requerimiento del CONCELLO DE POIO en los términos previstos en el Art. 36 de Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de junio, por el que se aprueba el Texto refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas en sus normas de desarrollo si las hay, y en la normativa reguladora de las Haciendas Locales y de la Caja General de Depósitos.

El presente seguro de caución estará en vigor hasta que CONCELLO DE POIO o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello, autorice su cancelación o devolución, de acuerdo con lo establecido en la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, y legislación complementaria”.

Se do informe que se emita despréndese a ausencia ou ausencia parcial dos materiais así garantizados non aplicados a obra, procederá executar os avais ata o importe que corresponda dentro dos 148.000,00 euros certificados.

O artigo 45 TRLCAP establece ademais unha absoluta preferencia nos avais prestados fronte a calquera outro acreedor:

“Artigo 45. Preferencia na execución de garantías.

1. Para facer efectiva a garantía definitiva, a Administración contratante terá preferencia sobre calquera outro acreedor, sexa cal fora a natureza do mesmo e o título en que se funde a súa pretensión.

2. Cando a garantía non sexa bastante para satisfacer as responsabilidades ás que está afecta, a Administración procederá ao cobramento da diferenza mediante o procedemento administrativo de constrinximento, de acordo co establecido nas respectivas normas de recadación”.

En canto á segunda das consideracións realizadas no informe de Secretaría e á vista dos informes técnicos emitidos polos directores de obra incorporados ao expediente, urxe proceder á resolución do contrato de novo que poda iniciarse novo expediente de contratación das obras de forma que se poda cumprir de forma axeitada coa xustificación da anualidade imputable ao exercizo 2008 da subvención outorgada pola Consellería de Cultura e Deporte, de tal modo que non se irroguen máis danos ao Concello ademais dos que se dependen da importante demora acumulada xunto á que resulte polo novo proceso de licitación.



Desta forma, conforme ao artigo 89.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño e en uso das facultades previstas no Decreto da Alcaldía do 21 de xuño do 2007 de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local e da prevista no artigo 21.1º.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e polos devanditos motivos de urxencia, polo voto favorable dos cinco membros presentes sendo seis o seu número de membros, a Xunta de Goberno Local acordou:

Primeiro: Requirir á entidade ACC SEGUROS E REASEGUROS DE DAÑOS, S.A para que indemnice ao Concello de Poio por importe correspondentes aos avais nº A7-0117261-40, A7-0117262-40, A7-0117263-40, A7-0117264-40 e A7-0117265-40 depositados na Tesourería municipal con data 22 de novembro de 2007 relativo ao abono ou anticipo a conta non revisable por acopio de materiais incluída na certificación de obra nº 1 emitida o 5 de novembro de 2007 polos directores das obras, D. Enmanuel Romero e D. Miguel A. Muñoz, por inexistencia e posta a disposición do órgano de contratación dos mesmos, incautándose pois os mesmos.

Segundo: Resolver o contrato "Casa de Cultura de Raxó" adxudicado por acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 31 de xullo de 2007 a Professional Interservices, S.A. polo prezo de 1.197.159,45 euros e prazo de execución de 8 meses, por incumprimento culpable da empresa contratista de prazos parciais con imposibilidade de cumprimento do prazo total de execución con data 10 de xuño de 2008 por abandono das obras así coma dos deberes de vixiancia sobre os materiais afectos a obra para evitar calquera tipo de sustracción, perda ou deterioro así coma do réxime de subcontratación.

Terceiro: Incautar a garantía definitiva depositada en valores na Tesourería Municipal con data 28 de agosto de 2008 consistente en aval nº 28-10018428 de IBERAVAL, S.G.R.

Cuarto: Dar traslado ás entidades interesadas comunicándolles que, contra o mesmo poden, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999,

entendéndose desestimado o recurso de reposición polo trascurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, poidendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

Quinto: Dar conta ao Pleno coma órgano de contratación competente na primeira sesión ordinaria que celebre para a súa debida ratificación previo ditame da Comisión Especial de Facenda, Gobernación e Contas."

Dándose conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas que di o que segue: "Dáse conta do acordo nº 5357 da Xunta de Goberno Local de data 9 de xuño de 2008 sobre expediente contratación "Casa de Cultura de Raxó", acordando, entre outros, requirir á entidade ACC SEGUROS E REASEGUROS DE DAÑOS, S.A. para que indemnice ao Concello de Poio por importe correspondentes aos avais nº A7-0117261-40, A70117262-40, A7-0117263-40, A7-0117264-40 e A7-0117265 depositados na Tesourería Municipal con data 22 de novembro de 2007 relativo ao abono ou anticipo a conta non revisable por acopio de materiais incluída na certificación de obra nº 1 emitida o 5 de novembro de 2007 polos directores de obra.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa ratificación"

A corporación por unanimidade acordou ratificar o acordo 5357 e que se sigan os trámites legais procedentes.

3132.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E DO CONCELLEIRO DE SEGURIDADE CIDADÁ SOBRE MODIFICACIÓN RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e da proposta da Concelleira Delegada de Persoal que di o que segue: "coma consecuencia da aprobación da oferta de emprego público correspondente ao exercicio 2008, púxose de manifesto, a existencia de catro prazas auxiliares de informática ofertadas no ano 2005, das que unha delas vacante na actualidade, foi obxecto de amortización dando lugar a unha distinta praza de auxiliar administrativo, escala de administración xeral.

Por tanto advertida dita situación e coma complemento da proposta xa asinada de forma conxunta do concelleiro delegado en materia cidadá, requírese a emisión de informe sobre a posibilidade de manter a praza creada dentro da relación de postos de traballo e reponer dito instrumento ao seu estado anterior en canto a posible obriga de repectar o contido da oferta publicada

no ano 2005.”

Dáse conta igualmente da proposta conxunta de data 10 de xuño de 2008, da Concelleira Delegada de Persoal e do Concelleiro de Seguridade Cidadá que di o que segue: “Dada a urxencia da súa creación e co motivo de poder incluír na oferta de emprego público a 1 de xaneiro de 2008 unha praza máis de Garda de Policía Local. Grupo C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración especial. Subescala: servizos especiais. Clase: policía local. Escala: básica. Sistema de selección: concurso-oposición (disposición adional 2ª da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia) é polo que propoñemos a modificación da relación de posto de traballo incluíndo esta nova praza”.

O expediente foi informado pola Secretaria Xeral e interventora municipal con data 10 e 11 de xuño de 2008, respectivamente e ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xuño de 2008 co seguinte tenor: “Dáse conta das dúas propostas presentadas polos Concelleiros de Persoal e de Seguridade Cidadán de data 10 de xuño de 2008 sobre incluír na oferta de emprego público correspondente o ano 2008 unha praza mais de Garda de Policía Local (Disposición Adicional 2ª da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais de Galicia) polo que faise necesaria a modificación da relación de postos de traballo incluíndo esta nova praza e de repoñer unha praza de auxiliar de informática ofertada no ano 2005 que foi obxecto de amortización dando lugar a unha distinta de auxiliar administrativo mantendo esta última praza creada.

O Sr. Domínguez Lino manifesta estar de acordo coa creación destas prazas pero pregunta polas ofertas, do 2005 e do 2006, que aínda non se convocaron que vai pasar con elas.

A Sra. Besada Lores contéstalle que o estar publicada a oferta hai que sacalas pero alternando convocatorias coa oferta do ano 2008, neste caso.

O Sr. Domínguez Lino di que a praza da oferta de 2008 de Conserxe sácase por persoal laboral e entende que debería ser funcionario.

A Secretaria Xeral contesta que nos informes emitidos, sobre a oferta correspondente ó ano 2008, indicábase o horizonte temporal das ofertas 2005 - 2006 e outras necesidades. Sacaranse simultaneamente e irase adecuando o persoal laboral ao que lle corresponde.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación.”

O Sr. Domínguez Lino di que están de acordo co exposto pero reitera que no referente ás horas extraordinarias no mes de maio ascendeu a 24.850 € habendo xa 12 traballadores que superan o núm. de 80 horas extraordinarias e solicita que se aceleren todos

estes procedementos.

A Sra. Besada Lores contesta que é certo que no mes de maio se fixeron moitas horas pero non hai suficiente persoal para acometer todas as tarefas, o máis probable é que no mes de xuño o número de horas tamén sexa elevado e esperamos que no mes de xullo se reduza polo plan de cooperación.

O Sr. Barreiro Lubián insiste en que o que hai que valorar son os traballos e se son ou non necesarios ou se están feitas correctamente ou non. Este concello demanda servizos e hai que darlle cobertura.

A Sra. Besada Lores di que o PP sacou en prensa novas sobre camiños e praias sen limpar, o importante é valorar o traballo que se está a realizar así como aos traballadores que estén dispostos a realizalos.

O Sr. Domínguez Lino di que con eses 24000 € poderíase contratar a máis persoal e ao mellor poderíamos reducir gastos cunha mellor planificación.

Sometida a votación as propostas dos concelleiros delegados sobre a creación dunha nova praza de garda da policía local e a reposición da oferta pública correspondente ao ano 2005, o que supón a modificación da relación de postos de traballo, estas quedaron aprobadas por unanimidade, nos termos indicados nas mesmas.

E que se someta a información pública mediante anuncio que se publicará no boletín oficial da provincia polo prazo de 15 días hábiles de conformidade co disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3133.- SOLICITUDE DE VECIÑOS/AS, DE CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO CAMIÑO RABO DO PORCO NO LUGAR DE RAXÓ.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado co motivo do escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello con data de entrada 10 de xuño de 2008, núm. 3124 no que varios veciños de camiño Rabo de Porco e outros veciños máis da parroquia de Raxó solicitan o cambio de denominación do devandito camiño por outro, como Mansiño, Finca da Quinta, xa que ese nome prexudica a imaxe como cidadáns e tamén ás súas empresas.

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xuño de 2008 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e do escrito de abril de 2008 dos veciños e veciñas do camiño "Rabo do Porco" de Raxó no que solicitan que se modifique dito nome do camiño propoñendo nomes como "Mansiño", "Finca da Quinta", "Portería".

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno que o "Camiño Rabo do Porco" do lugar de Raxó pase a denominarse "Camiño Mansiño" do lugar de Raxó e que se sigan os trámites procedentes."

O Sr. Barreiro Lubián explica que o escrito presentouse

co motivo de cambiarlle o nome o camiño Rabo de Porco sendo os propios veciños os que están de acordo co cambio pero parece que todos non, por iso o mellor sería abrir un periodo de investigación dándolle audiencia aos interesados.

O Sr. Martínez Blanco propón a realización dunha comisión dos voceiros para ver a antigüidade implicando ás asociacións e ver a relación xa que a toponimia non se debe cambiar así hai que ser cauteloso xa que cremos que Rabo do Porco incluso é máis antigo que Raxó.

O Sr. Domínguez Lino di que ao final na comisión de facenda ditaminouse favorablemente o cambio de denominación do camiño xa que no escrito presentado polos veciños a maioría dos asinantes son de Rabo de Porco, pero non temos ningún problema en escoitar novas alternativas.

O Sr. Martínez Blanco di que a toponimia é un tema importante e que non se pode cambiar sen máis por iso, na miña opinión deberíase estudar dunha forma máis detallada implicando a varios sectores.

O Sr. Agís Gómez explica que camiño Rabo de Porco é un lugar pequeno dentro do propio Rabo de Porco, por iso creo que o cambio de denominación do camiño non vai afectar á toponimia. Pero ahí o problema é que os veciños non están de acordo.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓNS O CONCELLEIRO D. FRANCISCO PIÑEIRO MURILLO.

O Sr. Barreiro Lubián di que efectivamente isto pode ter outras consecuencias por iso o da Comisión de Estudo é para valorar a viabilidade e non ter que volver a rectificar.

A Sra. Besada di que en Poio cambiáronse nomes, cmños. Das Lebres, Estrada Teinogueira... Hai que estudar a fondo e non cambiar así por así. En Samieira hai problemas en Estda. Teinogueira, Monte Covelo, xa que este último non é do Covelo senón de Samieira.

O Sr. Martínez Blanco di que son decisións do concello o de cambiar os nomes, tómanse como referencia datos e opinións dos maiores do lugar.

Pero hai que estar máis convencidos e non xogar coa toponimia.

O Sr. Barreiro Lubián di que a comezos do 90, o enxeñeiro municipal, fixo un rueiro xa que antes non existía, e foi cando se lle puxo nome ás rúas.

O Sr. Domínguez Lino pide aos grupos municipais que cada un faga unha proposta para poder votar e saber o que se vai facer xa que antes na comisión de facenda estábamos todos de acordo en cambiarlle o nome e agora non.

O Sr. Martínez Blanco di que a proposta do BNG é abrir un periodo de investigación creando unha comisión de estudo e dar un prazo de audiencia.

O Sr. Agís Gómez di que está de acordo en que se abra un periodo de trámite de audiencia.

O Sr. Domínguez Lino di que o PP segue mantendo a opinión da comisión de facenda.

O Sr. Barreiro Lubián di que no caso de presentarse alegacións polos veciños a propia comisión de facenda resolverá xa que non se trata de que nos pretendamos cambiar un topónimo unicamente trátase do cambio de denominación dun camiño.

O Sr. Alcalde di que o mellor será que se abra un prazo de audiencia para que todos opinen xa que Mansiño, parece ser, que tampouco identifica o lugar coa zona, xa que parece ser unha pequena zona do lugar que aparece nunhas poucas escrituras.

O Sr. Moldes Martínez di que hai que estudar as cousas seriamente na comisión de facenda, tratouse o de notificar individualmente pero non se levou a cabo. A opinión dos veciños está plasmada no escrito que presentaron pero que se vai estudar nesa comisión de estudo?

O Sr. Martínez Blanco contesta que se intentará contar coa opinión de todos xa que interesados poden ser moitos.

A Corporación por unanimidade acordou abrir un periodo de información pública por un prazo de 20 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da provincia e notificación individualizada a cada un dos veciños de camiño Rabo do Porco, para que os/as interesados/as examinen o expediente e presenten as alegacións e propostas que consideren oportunas."

3134.- ORDE DO 23/05/2008 DA CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE SOBRE ADHESIÓN DO CONCELLO DE POIO Á REDE GALEGA DE CONCELLOS POLA SUSTENTABILIDADE.- Pola secretaria dáse conta do expediente tramitado ao abeiro da Orde do 23 de maio de 2008, pola que se crea a Rede galega de concellos pola sustentabilidade, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, publicada no DOG do 4 de xuño de 2008, núm. 107 que tende a impulsar o desenvolvemento efectivo dos plans de sustentabilidade local (Axenda 21 Local).

Dáse conta igualmente da proposta da alcaldía de data 12 de xuño de 2008 que di textualmente: "ANTECEDENTES: *O labor desenvolvida polo Concello na Axenda 21*

No ano 2001 constituíuse a Asociación de Desenvolvemento Rural Proder II-Comarca de Pontevedra (en adiante ADR) da que forman parte os concellos de Barro, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa, co obxectivo de servir de núcleo de converxencia e representación das entidades públicas e privadas do territorio para promover o desenvolvemento rural e integral do territorio de actuación.

Este desenvolvemento e valorización do territorio toma a perspectiva da sustentabilidade coa implantación da Axenda Local 21.

Desenvolvemento sostible é o desenvolvemento que

garante a satisfacción das necesidades actuais sen comprometer a capacidade das futuras xeracións para satisfacer as súas necesidades.

Un dos principios fundamentais da sustentabilidade é o que dí "pensa a nivel global mais actúa a nivel local". Con este obxecto, a nivel europeo, definiuse a Carta de Aalborg primeiro e, posteriormente, a Carta de Aalborg +10 no ano 2004, como compromiso dos concellos co desenvolvemento sostible que lévase á práctica coa implantación da Axenda Local 21.

Os Concellos de Barro, Poio, Ponte Caldelas e Vilaboa nos seus plenos levaron a cabo a implantación da Axenda 21 nun proceso comarcal coordinado dende a ADR. O proceso concluíu a fase de implantación o día 5 de xuño de 2006 coa Declaración Ambiental do Consello da Axenda 21 Local da Comarca de Pontevedra e a aprobación do Plan de Acción e os indicadores de Seguimento.

Mais o proceso non remata neste punto senón que é necesario manter un proceso dinámico de participación e avaliación continua que se articula a través do Observatorio da Axenda 21. A ADR a través do "Proxecto piloto de implantación de Núcleos de Sostibilidade Integrada en concellos de Galicia constituído a través dun convenio entre a ADR e a Consellería de medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e que supuxo a creación da Axencia comarcal de sustentabilidade con persoal propio, ofreceuse como organismo de coordinación deste proceso e así se aprobou polo Consello da Axenda 21 da Comarca na xuntanza do 27 de marzo de 2008.

Núcleo de Sostibilidade da Comarca de Pontevedra

Obxectivo: Posibilitar a integración, a nivel local, de todas as accións susceptibles de seren promovidas pola administración autonómica, administracións municipais ou por entidades privadas que garden relación directa coa consecución dun desenvolvemento local sostible.

O Núcleo de sostibilidade da Comarca de Pontevedra supón ademais da creación da Axencia Comarcal de sostibilidade, dispor dun orzamento para a realización de actividades de sensibilización e educación sobre sostibilidade do conxunto da poboación dos concellos implicados e uns investimentos nos eidos da eficiencia enerxética, adecuación da estrutura urbana ás necesidades dos modos de mobilidade sostible e fomento das sinerxías entre o patrimonio natural e cultura. Ademais a Consellería promove a implantación e seguimento da Axenda 21 nos concellos dos núcleos de sostibilidade.

Entre as actuacións levadas a cabo polo Núcleo de sostibilidade da Comarca de Pontevedra ano 2007 cabe citarse:

- Investimentos en enerxías renovables e eficiencia enerxética. Os investimentos materializáronse na colocación de paneis solares térmicos e fotovoltaicos en instalacións

deportivas e depósitos de auga nos concellos e substitución do alumado público por alumado de baixo consumo

- Actividades de difusión abertas á poboación coma obradoiros de autocompostaxe tamén adicados a centros educativos e difusión en temas de eficiencia enerxética (paneis e exposición do cambio climático).

Toda a información sobre estas materias e o traballo desenvolvido dende a creación da Axencia Comarcal de Sostibilidade pode consultarse na páxina web da ADR [www.adrproderpontevedra.org](http://www.adrproderpontevedra.org), na Axencia Comarcal de Sostibilidade, sita en Santa Clara 4, 2º 36002 Pontevedra, amais de no arquivo municipal.

A Rede Galega de concellos pola sustentabilidade

Na data do 4 de xuño publicouse no DOG a Orde do 23 de maio de 2008 pola que se crea a Rede galega de concellos pola sustentabilidade á que poderán adherirse os Concellos de Galicia voluntariamente cos obxectivos de:

a) Facilitar a capacitación técnica e metodolóxica dos concellos nos procesos de integración da sustentabilidade na xestión municipal a través de instrumentos como a Axenda 21 local.

b) Dotar os concellos de recursos compartidos que faciliten e optimicen o desenvolvemento destes plans de sustentabilidade.

c) Fomentar a comunicación, cooperación e intercambio de información entre concellos e entre as distintas administracións, e incidir na integración da sustentabilidade no desenvolvemento de políticas supramunicipais.

d) Elaborar e desenvolver proxectos conxuntos que faciliten a introducción de criterios de sustentabilidade nos concellos.

e) Potenciar a educación na cultura da sustentabilidade e promover a participación do conxunto da sociedade.

f) Fomentar a cooperación con outras redes que promovan a sustentabilidade desde a escala local no ámbito estatal e internacional.

Os requisitos para integrarse na Rede galega de concellos pola sustentabilidade son os seguintes:

1. Ter iniciado o proceso de implantación da Axenda 21 local no concello.

2. Adherirse á Carta de Aalborg+10

3. Comprometerse á adhesión do concello á Rede de cidades e municipios polo clima.

4. No Pleno, aprobación do acordo de adhesión á e inscrición no seu rexistro, así como realizar unha declaración institucional do alcalde a todos os cidadáns onde se amose o compromiso municipal de implantación de políticas municipais encamiñadas a acadar a sustentabilidade no concello.



5. Organizar unha comisión técnica de seguimento no concello integrada por todas as concellerías implicadas nos procesos de sustentabilidade (urbanismo, transporte, ambiente, participación..).

6. Designar un vocal e un suplente, elixidos polo Pleno, que actuarán como representantes do concello na Asemblea Xeral da rede.

7. Fomentar canles estables de participación cidadá e comprometerse a organizar e manter os foros de participación da Axenda 21 local.

Outras Redes de concellos de interese e finalidade ambiental

Un dos requisitos da integración na Rede galega de concellos pola sustentabilidade é a adhesión á Rede de cidades e municipios polo clima. Esta rede constiúuse ao abeiro da Federación Española de Municipios e Provincias e funciona como unha sección dela.

La actividad de esta Red está dirigida a la promoción de las políticas locales de desarrollo sostenible y de lucha contra el cambio climático que contribuyan a la reducción de las emisiones de gases de efecto invernadero y al cumplimiento del Protocolo de Kioto.

• Os requisitos para adherirse á esta rede son os seguintes:

• Acordo municipal para a adhesión á Rede aprobado en cheo municipal. Considérase necesario realizar unha declaración institucional por parte do Alcalde dirixida a toda a cidadanía onde plásmese o compromiso municipal de adhesión á Rede e a futura implantación de políticas municipais de redución de gases de efecto invernadoiro.

• Designación dun representante político para a Asemblea da Rede.

• Designación dun representante técnico para asistencia a reunións e grupos de traballo da Rede.

• Pagamento dunha cota anual, cuxa contía depende do número de habitantes do municipio. Organización dunha comisión técnica para o seguimento das políticas de prevención e redución da contaminación onde estean representadas todas as concejalías implicadas nas políticas de urbanismo, transporte, medio ambiente, participación cidadá, etc.

• Organización dun Foro de debate cidadán para adoptar medidas e actuacións de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.

• Envío do Cuestionario de Alta na Rede Española de Cidades polo Clima e o Modelo de Acordo Plenario

Outras redes ás que podería adherirse o Concello son:

- Rede de Governos Locais + Biodiversidade 2010, tamén Seccións da Federación Española de Municipios e

Provincias. A información da proposta respecto estas atópase na páxina web da [www.redbiodiversidad.es](http://www.redbiodiversidad.es)

PROPOSTA:

I. Solicitar a adhesión do Concello á "Rede galega de concellos pola sustentabilidade". Deberá adoptarse un acordo do Pleno do Concello no que se recolla a solicitude de adhesión nos seguintes termos:

ACORDO DE ADHESIÓN á Rede galega de concellos pola sustentabilidade" e DECLARACIÓN DO COMPROMISO MUNICIPAL DE IMPLANTACIÓN DE POLÍTICAS MUNICIPAIS ENCAMIÑADAS A ACADAR A SUSTENTABILIDADE DE CONCELLO

II. Organizar unha Comisión Técnica de Seguimento no concello integrada por todas as concellerías implicadas nos procesos de sustentabilidade:

Concellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Local, representada pola Axente de Desenvolvemento Local, María José Suárez Aspérez,

Concellería de Vías e Obras e Persoal, representada polo enxeñeiro municipal, José Luis Arias Rodríguez

Concellería de Urbanismo, representada pola arquitecta municipal, Patricia Araujo Pazos

Concellería de Turismo e Festexos, representada por Teresa Calvo Pérez

Concellería de Educación, Consumo e Mercados, representada por Consuelo de la Peña Costolla

Concellería de Servizos Sociais e Muller, representada pola técnica do CIMM, Raquel Morales Ferro

Ademais invitarase a participar nesta comisión para desenvolver as tarefas de coordinación á Axente Comarcal de Sustentabilidade do Núcleo de Sostibilidade da Comarca de Pontevedra.

III. Designar como vocal e suplente que actuarán como representantes do Concello na Asemblea Xeral da Rede galega de concellos pola sustentabilidade as seguintes persoas:

Vogal: Luciano Sobral Fernández, Alcalde do Concello de Poio

Suplente: Gregorio Luís Agís Gómez, Concelleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Local

IV. Solicitar a adhesión do Concello á "Rede española de cidades polo Clima" Deberá adoptarse un acordo do Pleno do Concello no que se recolla a solicitude de adhesión nos seguintes termos:

ACORDO DE ADHESIÓN á Rede española de cidades polo Clima" e DECLARACIÓN DO COMPROMISO MUNICIPAL DE ADHESIÓN Á REDE E A IMPLANTACIÓN DE POLÍTICAS MUNICIPAIS ENCAMIÑADAS A ACADAR A REDUCCIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO

V. Designar como representante do Concello na Asemblea Xeral da Rede a: Luciano Sobral Fernández, Alcalde do Concello de Poio

VI. Designar como representante técnico para asistencia a reunións e grupos de traballo da Rede española de cidades polo clima a: Saleta González Pimentel, Axente comarcal de Sustentabilidade

VII. Ordear o pagamento da cota anual da Rede española de cidades polo Clima a través dun ingreso mediante transferencia bancaria na conta corrente do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria: 0182 5638 83 0207376892, cuxo concepto será "Cota Rede Española de Cidades polo Clima" e cun importe de 150 €/ano.

VIII. Delegar na Comisión Técnica creada para o seguimento da *Rede galega de concellos pola sustentabilidade* as tarefas correspondentes á comisión técnica para o seguimento das políticas de prevención e redución da contaminación

IX. Delegar no Consello da Axenda 21 Comarcal a organización dun Foro de debate cidadán para adoptar as medidas e actuacións de redución das emisións de contaminantes.

X. Solicitar a adhesión do Concello á "Red de Governos Locais +Biodiversidae 2010" Deberá adoptarse un acordo do Pleno do Concello no que se recolla a solicitude de adhesión nos seguintes termos:

ACORDO DE ADHESIÓN á Red de Governos Locais +Biodiversidae 2010" e DECLARACIÓN DO COMPROMISO MUNICIPAL DE ADHESIÓN Á REDE E A INTENCIÓN DE ACADAR OS OBXECTIVOS PREVISTOS

XI. Designar como representante do Concello na Asemblea Xeral da Rede a: Luciano Sobral Fernández, Alcalde do Concello de Poio

XII. Designar como representante técnico para asistencia a reunións e grupos de traballo da Rede española de cidades polo clima a:

Saleta González Pimentel, Axente comarcal de Sustentabilidade

XIII. Ordear o pagamento da cota anual da Red de Governos Locais +Biodiversidae cun importe de 150 €/ano.

XIV. Acreditación de haber firmado la declaración de la Cuenta Atrás 2010 (Countdown 2010 de UICN) (ANEXO II: WWW.COUNTDOWN2010.NET)."

Pola Secretaria dáse conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xuño de 2008 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente, da Orde do 23 de maio de 2008 pola que se crea a Rede galega de concellos sustentabilidade e da proposta da Alcaldía sobre adhesión do Concello á "Rede galega de concellos pola sustentabilidade" e declaración do compromiso municipal de implantación de políticas municipais encamiñadas a acadar a sustentabilidade no Concello.

O Sr. Agís Gómez explica o contido do expediente explicando que consiste na posibilidade de integración, a nivel local, de todas as accións susceptibles de seren promovidas pola administración autonómica, administracións municipais ou por

entidades privadas que garden relación directa coa consecución dun desenvolvemento local sostible; hai políticas adaptadas á Axenda 21 que se poden por en marcha; é adaptarse pouco a pouco, nas medidas das posibilidades dos concellos.

O Sr. Domínguez Lino pregunta se ten algún custo adherirse.

O Sr. Agís Gómez contéstalle que o custo é de 60€ ó ano.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno adherirse á Rede galega de concellos pola sustentabilidade."

O Sr. Agís Gómez explica que mediante esta proposta o que se trata é de que o concello se adhira á rede galega de concellos pola sustentabilidade sendo un requisito a adhesión á rede española polo clima.

Ademais, hai que constituir unha comisión técnica na que estará representado o concello, polo Sr. Alcalde en calidade de vogal e o Concelleiro de Medio Ambiente en calidade de suplente.

O Sr. Domínguez Lino di que o PP está de acordo con esta proposta pero solicita que se impulse e que non quede parada como sucedeu coa Axenda 21.

O Sr. Barreiro Lubián di que o que coñece o funcionamento do Concello coñece as necesidades polo que un proxecto non vai dicir nada novo o que non quere dicir que a Axenda 21 non valla para nada.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas este quedou aprobado, adoptándose o seguinte acordo:

A Corporación por unanimidade acordou:

**Primeiro:** aprobar a proposta da alcaldía de data 12 de xuño de 2008 ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, nos seus propios termos.

**Segundo:** dar traslado do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

3135.- MOCIÓN DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR EN APOIO DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO.- Pola Secretaria dáse conta da moción presentada polo PP e do ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xuño de 2008 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta de dita moción de data 30 de maio de 2008 e que tras unha ampla exposición de motivos solicitan ao Pleno da Corporación que se acorde: "1º.- Instar á Xunta de Galicia a que realice as xestións diante das administracións competentes co obxecto de promover as seguintes medidas: a) A habilitación dun mecanismo polo que se leven a cabo descontos directos aplicables ao prezo do gasóleo, co obxecto de compensar o espectacular incremento sufrido nos últimos anos que ameaza con facer non

rendible a actividade pesqueira e marisqueira. b) Que se poña en marcha unha campaña de promoción dos produtos pesqueiros, destinada a fomentar a venda e consumo de peixe, co obxecto de que contribúa a frenar a depreciación das especies comerciais de máis interese para Galicia. c) A posta en marcha dunha batería de medidas fiscais, que inclúan a exención do pago de cotas sociais durante seis meses e desgravacións no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e no Imposto de Sociedades que está a ser soportado polos axentes do sector pesqueiro (mariñeiros, mariscadores, empresa do ámbito marítimo pesqueiro). d) A elaborar en compañía das distintas administracións implicadas, sindicatos e organizacións pesqueiras máis representativas, dun plan estratéxico da pesca para os próximos anos, que inclúa un instrumento de análise e observancia da evolución dos prezos do gasóleo, por si esta require da implementación de mecanismos compensatorios. e) A establecer un maior control das importacións de peixe foráneo, así como do etiquetado que, entre outras cuestións, identifica a procedencia das especies comerciais de venda no noso país. 2º.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e á Federación Galega de Confrarías de Pescadores."

A Comisión por unanimidade de asistentes dáse por enterada e acordou que pase a Pleno."

Así mesmo, a Secretaria da conta da emenda presentada polo BNG de data 25 de xuño e na que tras unha ampla exposición de motivos remata demandando das administracións competentes que se promovan e impulsen as seguintes medidas:

1. A mellora do control das importacións que inclúa a modificación da normativa de etiquetaxe e revisión dos acordos da OMC que fixan a exportación de produtos mariños de terceiros países.

2. Igual tratamento fiscal para a gaolina como para o gasóleo.

3. Impulsar melloras na comercialización para darlle máis valor en primeira venda ao peixe e marisco de xeito que os custos de explotación - recaian sobre os prezos do produto en lonxa-.

4. Apoio e subvención á implantación de sistemas de propulsión que abaraten os custos de combustíbel: como o dos gas luicuadao, motores de aforro enerxético, de catro tempos, etc.

5. Posta en marcha de campañas de promoción de consumo de peixe.

6. Poñer en marcha un paquete de medidas administrativas no plano fiscal e social que permita que a nosa frota pesqueira poida manter a súa actividade.

7. No marco do pacto social establecer unha mellora das condicións sociais e laborais dos mariñeiros e das tripulacións.

O Sr. Alcalde explica que hai unha moción do PP e unha emenda á moción do BNG, polo que se debatirían as dúas e logo procederase á votación.

A Sra. Nieto García di que o sector da pesca está a pasar por un mal momento polo incremento do combustible. Tráense unha serie de puntos para que se aproben e logo eleválas á Xunta para que lle dea traslado a outros organismos.

Houbo negociacións para pedir exención do imposto sobre hidrocarburos na gasolina pero tamén se pode propoñer para o gasoleo.

Medidas fiscais: axudas no pagamento da SS, desgravacións en impostos, control nas importacións controlándoas e que non repercutan no prezo do peixe.

A Sra. Besada Lores di que de todas as medidas que se propoñeron existe un informe ao que vai dar lectura na que se pon de manifesto as iniciativas da xunta e do estado, que dan resposta tanto a moción e a emenda.

O grupo municipal do PSOE no concello de Poio ante a moción presentada polo Partido Popular neste concello referente ó sector pesqueiro galego ante o pleno expón:

Que debido ós últimos sucesos acontecidos dentro do sector de pesca, o goberno da nación xa tomou medidas correctoras para paliar unha situación difícil debido fundamentalmente á subida espectacular do prezo da materia prima (petróleo e derivados) que repercute directamente na alza dos prezos dos combustibles no sector pesqueiro, que sóio no último ano supuxo una suba do 40% no prezo dos mesmos. Nestes últimos días o goberno central realizou encontros cós representantes do sector, chegando a un acordo con eles o día 11 de xuño de 2008, no que como compromisos asumidos polo goberno para mellorar esta situación excepcional, acordáronse medidas de urxencia de carácter conxuntural para paliar estes efectos.

Estos acordos a nivel estatal, no que se comprometen preto do 60% das mesmas a flota galega, ascenden a 19 millóns de euros.

Os armadores das listas 3º e 4º de buques pesqueiros con traballadores encadrados nos grupos 2º e 3º do réximen especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, poderán recibir unha cantidade por tripulante enrolado que varía de entre **617€** e máis de 150 toneladas de rexistro bruto e 329 euros e menos de 10 Tm por o número de tripulantes.

Estas axudas son compatibles coa concesión das axudas de Mínimis ó sector pesqueiro, e o importe destas últimas, máis a da axuda regulada na nova orde, poderá chegar a **30.000€** por cada beneficiario.

Isto poderá permitir que a compensación por perda de poder inversor en gasto corrente polo combustible, quede minorizado de forma importante con esta medida.

Quero recordar que é a primeira vez que se dá esta circunstancia no sector pesqueiro no conxunto do Estado e indica claramente o compromiso do goberno español coa empresa pesqueira, tanto grande como pequena, promovendo a pesca como un sector prioritario na economía do país.

- Tarifas portuarias:

A Federación Nacional de Confradías de España, acordou tamén cós representantes da Administración que poderán ser beneficiarios dunha bonificación da tarifa de descarga e servicios portuarios (a antiga T4) da pesca fresca nos portos de interés xeral do Estado. En Galicia poderán beneficiarse os armadores que descarguen nos portos de Vigo, Marín e A Coruña que teñen lonxas de poxa de peixe.

Asimesmo dende a Xunta, estase a estudar por portos de Galicia ó aplicar esta medida en portos de competencia Autonómica. En Poio poderían beneficiarse os pescadores que realicen descargas na lonxa de Campelo.

- Fondo IFOP:

Neste encontro tamén se acordou apoiar o documento común do 11 de Xuño firmado en París cos ministros de pesca de Italia, Francia, Portugal e España, para promover medidas de urxencia ante a comisión Europea e ante o Consello de Ministros de pesca da UE, para mellorar a competitividade do sector pesqueiro europeo, consello a celebrar este 23 de Xuño.

Podemos observar que este documento común nos da unha idea moi clara: Esta situación na pesca non é atribuíble a un goberno, a un país como o noso. Portugal, Francia e Italia teñen gobernos moi conservadores, de dereita con políticas económicas neoliberais que están pasando dificultades como as nosas, e non teñen ningunha solución milagrosa para a pesca nos seus países. Cando o barril de petróleo está en 150 dólares, o precio do carburante custa o mesmo ou máis si cabe nestes países, e os problemas dos armadores son iguais ó nosos. As protestas reproducense en Bélxica, Francia, Portugal etc o mesmo que en España.

Estase a traballar para buscar solucións de maneira conxunta e a nivel europeo para buscar financiamento e para flexibilizar o uso dos fondos europeos da pesca na procura da sustentabilidade do sector pesqueiro, cousa que agora non é posible pola orde europea que regula estos fondos.

- Paralización temporal:

O sector pesqueiro tamén acordou coa Administración o poder chegar a consensuar coa Xunta de Galicia e demais Comunidades Autonómicas, fórmulas para incrementar as axudas que poderán recibir os armadores e tripulantes en concepto de paralizacións temporais por vedas, pláns de recuperación de caladoiros e pláns de xestión que se realizan dende o Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño.

En Galicia este cometido se fará dende o Consello Galego de Pesca coa Consellería de Pesca e Asuntos Mariños.

- Melloras na comercialización:

Tamén se acordou crear unha etiqueta identificadora dos produtos pesqueiros da frota nacional, con aplicación en todo o estado, sexa cal sexa o caladoiro de procedencia e punto de desembarco.

Isto permitirá a diferenciación dos produtos da pesca e da flota española do resto dos produtos presentes no mercado. Esta aplicación da nova tarxeta prevé realizarse con convenios coas Comunidades Autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias.

Por último tamén cabe suliñar o compromiso de rebaixar o prezo da gasolina como carburante para as pequenas embarcacións pesqueiras, das que en Galicia se contan por máis de 2.000.

Este compromiso xa fixo que se anunciase a rebaixa do precio da mesma en preto do 50%, polo que se demostra que, non soio é a flota de altura e gran altura a que recibe fortes axudas, senón que o sector da pesca máis modesta, recibirá unha importante noticia por o importante tratamento impositivo sobre este carburante.

Estas unidades pesqueiras verán unha mellora no seu balance económico, xa que reducir un 50% o gasto enerxético repercutirá moi favorablemente nas economías familiares deste sector.

So en Poio serán beneficiarios máis de **120** armadores.

Quero destacar que é a primeira vez que se fai isto en España, que o sector levábo demandando e que outra vez un goberno socialista é exemplo de modernidade e compromiso.

Cabe suliñar que se puxeron en marcha outras medidas para paliar o "Síndrome das Azores", como tamén se chama a esta subida espectacular dos precios do petróleo. Coa chegada o goberno de Galicia de forzas progresistas, lévanse dous anos e medio realizando proxectos pioneiros no Estado para favorecer o aforro enerxético, a redución da contaminación, o descenso do cambio climático e a mellora da competitividade do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola.

- Medidas tomadas en Galicia

Cando fala que os nosos gobernantes non souberon defender satisfactoriamente o sector pesqueiro galego, gustaríame preguntarlle si tamén pensa iso dos gobernantes da dereita de Portugal, Francia e Italia, con problemas máis grosos que os nosos, xa que como vostede sabe o prezo do combustible e superior en esos países que no noso. Podería preguntarlle porque os pescadores de estes países levan meses de peches, encerros, batallas campáis nas rúas, países que tendo políticas económicas de dereitas, non consiguen frear os costes de explotación.



Antes referínme o "síndrome das Azores", efecto nocivo da intervención en Irak, que tódolos analistas auguran que non só vai acabar o asunto ahí, senón que a situación pode ir a peor. E agora vostede fai unha clara demostración da demagogia da que nos ten acostumados. Estou esperando que nesta situación de incerteza e problemas, nos aporte algunha solución, algunha posible aportación de ideas por moi vaga que sexa para axudar, e non intentar destruír.

Vostede fala dun incremento do 127% dende 2005, pero teño que recordarlle que cando o Partido Popular acordou facerlle a guerra a un dos maiores produtores de petróleo do mundo, o barril do mesmo non chegaba os 55 dólares. Hoxe témolo a 150 dólares, un crecemento exponencial dun 400%.

Vostede fala no escrito de esta moción, de falta de vontade política dos actuais gobernantes para artellar os efectos perniciosos do descontrol de prezos, e que non se fai nada, pero teño que decirlle que está outra vez facendo demagogia.

Quero que me escoite atentamente porque vou informar a toda a corporación do concello, ós asistentes e ós veciños das medidas de carácter autonómico que se están a levar en defensa, a mellora, a competitividade, o desenvolvemento sostible, a permanencia no tempo, a modernidade, a confianza, a mellora productiva, a defensa e conservación dos recursos etc. do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola do noso país e do noso concello.

- Nivel fiscal e financeiro:

A Consellería de Pesca está a por a disposición daqueles armadores con problemas financeiros e con imposibilidade de acceder a créditos ICO, ós organismos dos que dispón a Xunta de Galicia, tales como o IGAPE ou as Sociedades de Garantía Recíproca, para avalar os préstamos ou refinarciar as débedas que se poidan ter contraídas no exercicio da actividade pesqueira na Comunidade Autónoma.

É moi importante este dato xa que na actual situación de incerteza financeira, cós bancos con problemas de liquidez, cando un armador se encontre en precaria situación por distintos motivos, poderá solicitar préstamos ou refinarciar débedas, tendo como avalista á propia Administración.

Señor Dominguez, Galicia foi a primeira comunidade en realizar o pago de Mínimis (axudas da UE) pola subida do combustible e ¿sabe por qué?, porque o departamento de pesca negociou o pago de éstas coas entidades financeiras de forma adecuada e, facéndose cargo dos intereses xerados por estes anticipos, conseguiu que en dous anos se pasase de 3.000€ a 30.000€ as axudas de Mínimis para empresas pesqueiras entre ellas as de flota artesanal que tanta importancia ten para o noso concello.

Tamén teño que decir que agardamos que os fondos FEP (fondo europeo da pesca) poidan ser adicados en parte a combatir o problema da subida do prezo do petroleo.

Sr Dominguez, asimesmo teño que decirlle que a fecha de 18 de Xaneiro de 2008, o Consello de Ministros do Goberno Español, aprobou o plan de reactivación do sector pesqueiro que afectaba principalmente a flota de arrastre de litoral e o Gran Sol. Este plan está plenamente en activo. Consta de 236 millóns de Euros de presuposto e realízase a través de préstamos do ICO e contempla a subscripción de convenio de colaboración coas organizacións, asociacións e cooperativas de armadores e Federación de Cofradías.

Como obxectivos deste plan contéplase tres grandes áreas:

1. Melloras da competitividade e conservación de recursos, reducir capturas accesibles, melloras na seguridade e condicións de traballo, seguridade nos alimentos etc.

2. Aplicación dunha política de calidade e valoración dos produtos pesqueiros, desenvolvemento de novos mercados e campañas de promoción de produtos do mar.

3. Favorecemento da competitividade do persoal, reconversión profesional, reforzo do papel da muller e da conciliación da vida familiar e laboral e o fomento da investigación tecnolóxica.

En Galicia as ordes de axudas á paralización temporal derivadas do plan de recuperación de flota de arrastre de litoral e gran sol no ano 2007, está dotada de 5,5 millóns de Euros. O plan de recuperación da pescada e a cigala sur consta con unha dotación de 4,5 millóns de Euros.

Tamén teño que nomear eiquí, debido a súa importancia económica, os 14,1 millóns de euros destinados ás axudas á paralización definitiva de buques pesqueiros naqueles casos no que o esforzo pesqueiro é superior á capacidade biolóxica do banco productivo, favorecendo así o axustamento da capacidade de pesca daqueles segmentos de flota que están a traballar en caladoiros ou especies sometidas a plans de recuperación. Con elo aseguramos o desenrolo sustentable na pesca e evitamos a sobrexplotación e colapso dos caladoiros, axudando ós armadores a invertir noutros sectores productivos sin mermar a súa capacidade inversora.

- Comercialización e promoción

Todo sabemos que na comercialización de toda clase de produto está unha das claves do desenrolo económico de calquer actividade productiva, e nós Sr Javier Dominguez, estamos en elo, pero non de agora, senon que levamos dende a Consellería de Pesca e o PSOE, anos traballando a resolver este problema.

A saber, e para que quede vostede informado convenientemente, son varias as actuacións acometidas. Entre elas:

1. A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ven de publicar unha orde de axudas a comercialización cun importe de 74 millóns de euros provintes do FEP.

2. A posta en marcha, por parte do departamento autonómico de pesca, da marca de calidade "Pesca de Rías" que, dende marzo, certifica os produtos de baixura de Galicia nos mercados nacionais, diferenciando os nosos dos foráneos, dando valor engadido ós nosos peixes e mariscos. Este proxecto contempla especies amparadas pola marca como son; algas, moluscos, crustáceos, equinodermos e peixes e, xunto coa expedición do etiquetado nacional de produtos pesqueiros españois, pensamos que estamos no bo camiño para favorecer o desenrolo dos nosos produtos.

É a primeira vez que se leva a cabo algo semellante no noso país.

Vostedes estiveron máis de unha quincena de anos gobernando e nunca promoveron accións para favorecer a comercialización dos nosos produtos.

Tamén no eido da comercialización, conquerimos o selo de produtos con denominación de orixe para o mexillón galego, có fin de diferencialo de importacións masivas foráneas, i estamos a poñer as medidas para conquerir esa denominación con outros produtos da pesca e do marisqueo.

Sr Dominguez: Portonovo Baiona, Vilaboa e Campelo, xa est, an adscritas aeste proxecto e proximamente a práctica totalidade das lonxas de Galicia estarán englobadas no mesmo.

Isto é poñer interés nos asuntos que interesan ás nosas familias que se adican o sector do mar. Todo o que despois poidan decir vostedes é, unha vez máis, fume.

En canto a promoción dos produtos do mar de Galicia, pregúntolle o Sr Javier Dominguez, se soio olla os medios de comunicación para leer as críticas destructivas que promove dende a oposición. Quero decirlle que tanto a nivel de medios de comunicación escritos, como nos medios audiovisuais e radiofónicos, estase a empregar e invertir cantidades económicas importantes, xa que se promoven campañas, tanto de concienciación do consumo responsable de produtos pesqueiros, atendendo sobor de todo o seu tamaño para evitar o consumo de inmaduros, como de promoción de produtos de Galicia nos mercados.

¿Recordas as campañas de peixe azul, peixe branco, mexillón de Galicia etc.? ¿Ou non as recordas? ¿Sabe que é o FROM, Sr Dominguez?

A Consellería de Pesca está presente nos certames, feiras, congresos e demais eventos que poidan potenciar a venda e consumo de peixe e marisco, tanto a nivel autonómico como nacional e internacional.

Se vostede está interesado en ter máis detalles dos mesmos, pode consultar coa páxina web da consellería de pesca, aínda que dubido que teña o máis mínimo interese.

Quero recordarlle que no museo de arte contemporáneo (MARCO) de Vigo, foi presentado, por segundo ano, a campaña "Sonche Xan" que pretende promover o consumo de peixe e derivados dende temprana idade nos cativos, para fomentar hábitos alimenticios saudables e informar sobre o mundo da pesca.

Esta promoción de produtos estase a usar, non soio na escola e os comedores escolares, senón tamén nos eventos deportivos, como así foi no XII campionato internacional SUB-20 de baloncesto de Vilagarcía.

Esta promoción entre os cativos coidamos que é moi importante xa que se estaba a perder o consumo de peixe na dieta nos máis novos. Cremos que se os novos consumidores aprenden a comer o peixe, a coñecer a diversidade dos alimentos de orixe mariña, que si se familiarizan có traballo no mar e a importancia que ten a pesca en Galicia, a coñecer as distintas presentacións, elaboracións e conservacións dos produtos do mar, e que todo isto debe ser parte dunha alimentación sana e normal, estamos a facer a mellor promoción dos nosos produtos e do seu consumo.

Este ano pensamos estar presentes na radio, na televisión, na prensa e revistas especializadas, en competicións deportivas, centros comerciais e lugares onde estean previstas as xuntanzas de nenas e nenos. O mesmo que os anos pasados. Hoxe en día, son máis de 14.000 escolares os que están a comer peixe dúas veces por semana nos comedores escolares. Cremos firmemente que esta é a mellor promoción a facer.

- Traballos de inspección no transporte e establecementos en Galicia.

Voulle ser moi concisa e creo que nos servirá para entender o compromiso da Consellería nos modelos de economía sustentable que queremos para o país.

No 2007, 4.167 inspeccións, delas 446 constituiron actas de presunta infracción. Destas, 158 corresponden con irregularidades por deficiencia ou ausencia de etiquetaxe nos produtos da pesca.

No 2008, 2.000 inspeccións, delas 176 constuiron infraccións, 41 por concepto de irregular ou nulo etiquetaxe.

En total o servizo de gardacostas inspeccionou 1.285 establecementos e 685 medios de transporte en 2008.

Isto tamén é compromiso Sr Dominguez !

- Medidas enerxéticas e esforzo investigador:

Sr Dominguez: sabemos o que custa encher un depósito de combustible para saír ó mar. Claro que ó sabemos e claro que xa ó sabíamos, como tamén sabemos o que poderá chegar a custar nun futuro.

Dende o goberno de Galicia estanse a promover accións de melloras no aforro enerxético e no consumo dos propulsores dos barcos nos nosos caladoiros.

Unha delas foi presentada en Navalia 2008 en Vigo, consistente na creación de dous motores propulsores, un Dual Fuel, e outro a gas, que serán probados nun barco do Gran Sol e no que se prevén aforros de preto un 30% no consumo de combustible.

Outras accións de aforro consisten en transformar os motores de gasolina da flota artesanal en motores GCP (gas licuado de petróleo), proxecto denominado "Peixe Verde" que coordina o CETPEC (centro tecnolóxico da pesca), acadando resultados nalgúns casos, dun porcentaxe de aforro dun 49%, se ben o aforro enerxético medio está no 35% a igual potencia de traballo.

Sabemos que é posible facer un esforzo para aforrar petróleo. Estamos a investigar na instalación de tanques fixos nos portos e implantar o uso de GCP nun total de 200 embarcacións de artes menores en diferentes portos. Esta investigación permitirá unha mostra en escala da flota artesanal galega formada por máis de 5.000 buques.

Este uso do novo combustible aumenta a vida o motor, garante a seguridade, diminúe un 50% o ruído, favorece a captura de peixe, reduce vibracións estruturais, desaparece o efecto contaminante nas augas en caso de verquido e diminúe as emisións de CO2 e outros gases de efecto invernadoiro.

Por todos estes motivos, consideramos máis que suficientes as medidas correctoras tomadas en defensa do sector do mar e polo tanto rexeitamos a moción presentada polo PP no concello de Poio, e convidamos ó mesmo a axudar con propostas, ideas ou accións ó goberno de tódolos galegos, para garantir o bo devenir da nación e das xentes do mar.

O Sr. Barreiro Lubián di que realmente tomáronse medidas pero as estruturais teñen efecto a medio prazo e cremos que as subvencións son enganosas (pan para hoxe e fame para mañá), pero hai que fomentar agora e tomar medidas estruturais, que son difíciles de tomar pola xunta xa que Madrid e Bruselas, teñen que decidir. A repercusión con outros países poden ser mínimas e se estas medidas non se toman a desaparición do sector está ahí.

O Sr. Domínguez Lino di que os mariñeiros maniféstanse nas rúas, a situación non é idílica como vostede di. As novas saen nos xornais todos os días, e a nosa proposta reflexada na moción segue en pe.

A Sra. Besada Lores di que as axudas para o sector pesqueiro existen e están ahí. Houbo armadores que foron á folga e agora a deixan, non podemos saber o que vai pasar dentro de dous meses.

A Sra. Nieto García di que o PP mentén a proposta xa que non se actúa como se debe.

O Sr. Barreiro Lubián di que o problema é que nas subastas páganse prezos de risa, no que o sistema é antiquísimo. Hai medidas alternativas para estes problemas. E as medidas de Bruselas veñen con retraso con moito retraso, poden tardar ata 2 anos en aplicarse. Coñezo casos de que os armadores non saben como desfacerse dos barcos. Este tipo de mocións non van en contra de ninguén, pero queremos deixar ver que no Concello de Poio estamos preocupados porla situación actual xa que somos un concello do litoral.

A Sra. Besada Lores di que no informe a parte das subvencións nomeáronse cantidade de actuacións, e creo que se lle debe dar un tempo á consellería para ver os resultados. Se non funcionan será cando se presenten as mocións e emendas.

O Sr. Agís Gómez di que se trata dun problema potenciado pola suba do combustible pero as axudas van encamiñadas a crear estratexias para paliar o problema.

O Sr. Pazos Barros di que o que se solicita é a que se pidan e impulsen as medidas. O sector de baixura foi ao mar porque non podían máis, estaban afogados pero hai que seguir negociando. Hai cousas que se están a facer pero outras non, hai que defender esta potencia con máis de 6000 barcos e temos que defender o de aquí e impulsar as medidas. É demagogia 14,1 millóns para desguazar barcos, creo que Galiza é a que perdeu máis barcos.

Comercialización é o problema, non é o combustíbel, xa que a pescada está a 0.60 €/kg na lonxa e nos comercios ronda os 5 €/kg.

Tamén hai que solicitar o cumprimento das medidas e se facemos unha comparación coas sociedades anónimas a cantas confrarías, asociacións e mariscadores se subvencionaron. Estamos nun mal momento para a pesca polo menos a de baixura e hai que fomentala xunto coa de altamar.

A Sra. Besada Lores di que se concretan datos do que se está a facer. Ademais hai que poñelas en práctica para ver a súa repercusión. En dous anos e medio non se poden facer milagres e todos estamos en apoiar pero con medidas sensatas, e se estamos de acordo en que as medidas están adoptadas non entendo porque se dubida.

A continuación o Sr. Alcalde explica o procedemento para a votación, chegándose ao acordo que o que se vai someter a votación é emenda presentada polo BNG xunto cos puntos a) e d), cambiando no punto a) "o prezo do gasóleo" por "o prezo do combustible" e no punto d) "evolución dos prezos do gasóleo" por "evolución dos prezos do combustible."

Sometida a votación a emenda xunto cos puntos a) e d) (modificados) esta quedou aprobada por 14 votos a favor (7 BNG e 7 PP) e 3 votos en contra (3 PSOE) co seguinte tenor:

Instar á Xunta de Galicia a que realice ante as administracións as seguintes medidas:

1. A mellora do control das importacións que inclúa a

modificación da normativa de etiquetaxe e revisión dos acordos da OMC que fixan a exportación de produtos mariños de terceiros países.

2. Igual tratamento fiscal para a gaolina como para o gasóleo.

3. Impulsar melloras na comercialización para darlle máis valor en primeira venda ao peixe e marisco de xeito que os custos de explotación - recaian sobre os prezos do produto en lonxa.

4. Apoio e subvención á implantación de sistemas de propulsión que abaraten os custos de combustíbel: como o dos gas luicuadao, motores de aforro enerxético, de catro tempos, etc.

5. Posta en marcha de campañas de promoción de consumo de peixe.

6. Poñer en marcha un paquete de medidas administrativas no plano fiscal e social que permita que a nosa frota pesqueira poida manter a súa actividade.

7. No marco do pacto social establecer unha mellora das condicións sociais e laborais dos mariñeiros e das tripulacións.

8. A habilitación dun mecanismo polo que se leven a cabo descontos directos aplicabéis ao combustible, co obxecto de compensar o espectacular incremento sufrido nos últimos anos que ameaza con facer non rendible a actividade pesqueira e marisqueira.

9. A elaborar en compañía das distintas administracións implicadas, sindicatos e organizacións pesqueiras máis representativas, dun plan estratéxico da pesca, para os próximos anos, que inclúa un instrumento de análise e observancia da evolución dos prezos do combustible, por si esta requirise da implementación de mecanismo compensatorios.

3136.- INTERVENCIÓN, ANEXO MODIFICACIÓN 9/2008, SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Sometido a votación a inclusión do asunto na orde do día por non ser previamente ditaminado pola comisión correspondente, esta quedou aprobada por unanimidade.

Dáse conta do expediente tramitado iniciado por proposta da alcaldía de data 18 de xuño de 2008, no que expón que o concello coñece de que nos próximos días recibirase da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza unha subvención polo importe de 163588,21 € para a financiación da execución do proxecto "adequación integral da rede de áreas de xogos infantís na Caeira" sendo a aportación municipal de 58.052 € con cargo a partida 432.60100 na que soamente hai consignadas 50.000 €, sendo necesario incrementar a mesma en 8.052 € para poder afrontar o gasto da aportación municipal, e financiándose co remanentae de credito de gastos resultante da liquidación do exercicio anterior que ascende a un importe de 59000 €.

O expediente foi informado favorablemente pola intervención municipal con data 18 de xuño de 2008.

A Corporación por unanimidade acordou aprobar inicialmente o anexo 9/2008, suplemento de crédito e que se someta á información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días.

3137.- CONTRATACIÓN, PROPOSTA ADXUDICACIÓN PROVISIONAL ALLEAMENTO DUNHA PARCELA EN RÚA VALIÑA PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA.- Pola Sra. Secretaria dáse conta do expediente tramitado co motivo do procedemento para o alleamento dunha parcela urbana de titularidade municipal sita en Valiña, para a construción de vivendas de protección autonómica, publicándose anuncios da licitación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra do día 7 de decembro de 2007 e no Diario Oficial de Galicia do 11 de xaneiro de 2008, rematando o prazo de presentación de proposicións o 11 de marzo de 2008.

Con data 7 de febreiro de 2008, ten entrada no Rexistro Xeral do Concello recurso de reposición interposto por D<sup>a</sup>. Carmen Esperón Sertal na que tras ampla exposición de motivos remata solicitando que se declare a nulidade do acto (resolución do concello polo que se aproba o prego de cláusulas administrativas que rexen o concurso de alleamento de dita parcela), por ser dita parcela titularidade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Salvador.

Unha vez recibido, proposta de deslinde compróbase que a parcela obxecto de alleamento, non se encontra dentro dos límites da Comunidade de Montes Veciñais.

Dándose conta igualmente da reunión realizada o 13 de xuño de 2008 pola Mesa de Contración e que di o que segue: "ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR-MESA DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTE AO CONCURSO CON PROCEDIMENTO ABERTO PARA O ALLEAMENTO DU HA PARCELA URBANA DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITA EN VALIÑA PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN AUTONÓMICA.

Sendo as trece horas e trinta minutos do trece de xuño de 2008 réunese a Mesa de contratación actuando ase mesmo coma Tribunal Técnico cualificador para os efectos do establecido na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares, composta pola Concelleira delegada de persoal, obras e servizos, D<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores, actuando coma Presidenta ante a ausencia do Alcalde, e coma vogais o arquitecto técnico Municipal, D. Francisco Sevilla Ricote, a Interventora e Secretaria municipal e D<sup>a</sup> Vidolina Franco Quintillán, facendo as veces de Secretaria, unha vez rematado o prazo de valoración das ofertas presentadas correspondente ao concurso con procedemento aberto para a enaxenación de parcela municipal sita en rúa Valiña para a construción de vivendas de promoción autonómica.

Iniciase a sesión dándose conta aos asistentes da obriga de demorar o prazo máximo previsto na cláusula novena dos



pregos para efectuar a adxudicación provisional de trinta días hábiles dende o seguinte ao de apertura das proposicións presentadas, en razón ao Edicto da Consellería de Medio Rural do 5 de maio de 2008 publicado no DOG nº 103 do xoves 29 de maio de 2008 polo que se abre período de vista do expediente de deslindamento do monte veciñal en man común da parroquia de San Salvador de Poio.

Con tal finalidade o 30 de maio de 2008, número rexistro de saída 1417, remítese á indicada Delegación solicitude de copia do informe do Enxeñeiro operador e do Plano correspondente.

O citado Plano do que se une copia ao expediente ten entrada na presente semana no concello, polo que unha vez acreditada a súa constancia e sendo documentación determinante para a resolución do procedemento para os efectos do establecido no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común pese ao seu carácter provisional, procedeuse á convocatoria do Tribunal Técnico cualificador que actúa debido á identidade da súa composición coma Mesa de contratación.

A continuación examínase polos asistentes seguindo as explicacións do arquitecto técnico municipal, o contido do informe emitido con data 29 de maio de 2008 polo mesmo e polo técnico da Consellería de Vivenda e solo, D. Iván Mosquera Fuembuena que se reproduce de seguido: "informe de proposta de adxudicación para o concurso de alleamento dunha parcela urbana de titularidade municipal sita en valiña para construción de vivendas de protección autonómica. Concurso de Poio

Segundo o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o concurso NON se valora a baixa no prezo de licitación que é de 606.147,26 € ( seiscentos seis mil cento corenta e sete euros con vinte e seis céntimos) incluído IVE.

O baremo utilizado para a realización do presente informe de proposta de execución é o detallado no antedito prego e se detalla no cadro seguinte:

<b>1</b>	<b>PROPOSTA ARQUITECTÓNICA</b>	<b>30 PUNTOS</b>
1.1	Anteproxecto da proposta arquitectónica, tanto das vivendas coma do entorno	15 puntos
1.2	Solucións construtivas innovadoras, en especial as relacionadas coa utilización de criterios de sustentabilidade, enerxías renovables e novo código técnico	10 puntos
1.3	Plan de control de execución	5 puntos
<b>2</b>	<b>VIABILIDADE ECONÓMICA</b>	<b>20 PUNTOS</b>
2.1	Estudio económico-financiero que garanta a Viabilidade da promoción	10 puntos
2.2	Medios organizativos, técnicos e profesionais	6 puntos
2.3	Anteriores promocións de vivenda de protección	4 puntos

Este informe de valoración será razoado e cuantificado, ponderando cada unha das ofertas presentadas así como a documentación relativa a:

- Calidade e rigor do estudio de viabilidade económica
- Garantías do carácter social da promoción
- Calidade arquitectónica

Tal e como recolle o prego de cláusulas administrativas na páxina 6

As empresas presentadas ó concurso son:

LICITADOR N°	NOME
1	PROMOCIONES FERNÁNDEZ TABOADA SL
2	COBIXERGA SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA DE VIVIENDAS

As puntuacións por empresa son as seguintes:

LICITADOR N°	NOME
1	PROMOCIONES FERNÁNDEZ TABOADA SL
<b>1</b>	<b>PROPOSTA ARQUITECTÓNICA</b>
	<b>3 PUNTOS</b>
1.1	Ó non cumprir as normas do Hábitat Galegas aprobadas no D 262/2008 non se pode valorar o presente apartado ó non ser viable a distribución proposta e o número de vivendas finais produto desta distribución
	0 puntos
1.2	Nonn aporta solucións constructivas innovadoras nin relacionadas coa utilización de criterios de sustentabilidade, enerxías renovables e novo código técnico
	3 puntos
1.3	Plan de control de execución
	0 puntos
<b>2</b>	<b>VIABILIDADE ECONÓMICA</b>
	<b>6 PUNTOS</b>
2.1	Non aporta estudio económico-financiero que garanta a Viabilidade da promoción
	0 puntos
2.2	Os medios organizativos, técnicos e profesionais son suficientes e correctos polo dáselle a máxima puntuación
	6 puntos
2.3	Non aporta información
	0 puntos
<b>3.</b>	<b>TOTAL</b>
	<b>9 puntos</b>

LICITADOR N°	NOME
--------------	------

<b>2</b>		<b>COVIXERGA SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA DE VIVIENDAS</b>
<b>1</b>	<b>PROPOSTA ARQUITECTÓNICA</b>	<b>23 PUNTOS</b>
1.1	Sendo o deseño acorde coa normativa de aplicación e presentando un deseño correcto e adecuado outórgase a máxima puntuación	15 puntos
1.2	Aporta unha breve memoria explicativa coas melloras das que salientamos entre outras griferías dotadas de dispositivo limitador de temperatura dotación de inatación solar térmica para garantir a demanda de auga por enriba do mínimo esixido no CTE...etc	8 puntos
1.3	Plan de control de execución: Non aporta	0 puntos
<b>2</b>	<b>VIABILIDADE ECONÓMICA</b>	<b>20 PUNTOS</b>
2.1	Aporta un estudo económico-financiero moi detallado e correcto garantizando a viabilidade da promoción, por elo outórgaselle a máxima puntuación	10 puntos
2.2	Os medios organizativos, técnicos e profesionais son suficientes e correctos polo que dáselle a máxima puntuación	6 puntos
2.3	No apartado 3.6 da memoria aporta a relación de obras de VPA e VPP e son suficientes e correctas. Dase a máxima puntuación	4 puntos
<b>3.</b>	<b>TOTAL</b>	<b>43 puntos</b>

Cadro Resumo suliñando o licitador proposto que obtivo a maior puntuación:

<b>LICITADOR N°</b>	<b>NOME</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
<b>1</b>	PROMOCIONES FERNÁNDEZ TABOADA SL	<b>9</b>
<b>2</b>	<u>COBIXERGA SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA DE VIVIENDAS</u>	<b>43</b>

Asdo: Fernando Sevilla Ricote Aparejador do Concello de Poio 29 de Maio de 2008	Asdo: Iván Mosquera Fuembuena Arquitecto da Consellería de Vivenda 29 de Maio de 2008
---	---

Non suscitándose debate ningún dada a claridade expositiva do informe e do resultado da valoración, e por unanimidade dos asistentes o Tribunal Técnico Cualificador actuando como Mesa de Contratación, acordou:

Primeiro.- Asumir o contido do informe emitido con data 29 de maio de 2008 polo arquitecto técnico municipal, D. Fernando Sevilla Ricote e polo técnico da Consellería de Vivenda

e Solo, D. Iván Mosquera Fuembuena no que se valora de forma motiva as proposicións presentadas por PROMOCIONES FERNÁNDEZ TABOADA, S.L. e COVIXERGA SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA DE VIVIENDAS.

Segundo.- Propoñer ao órgano de contratación competente, a adxudicación provisional en favor de COVIXERGA SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA DE VIVIENDAS, requeríndoa, no seu caso, para que proceda á constitución da garantía definitiva por importe de 24.245,89 euros dentro do prazo dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación provisional, lembrándolle a necesidade de dar execución as actuacións definidas na Cláusula novena apartado D) no prazo máximo de 8 meses para poder proceder á adxudicación definitiva.

Terceiro.- Así mesmo, requerir ao licitador incluído na proposta de adxudicación para que no mesmo prazo previsto para acreditar a constitución da garantía definitiva, presenten documento xustificativo da asunción dos riscos derivados da resolución do expediente de deslindamento do monte veciñal en man común da parroquia de San Salvador de Poio de conformidade co establecido no artigo 136 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e do procedemento contencioso-administrativo 171/2008 iniciado pola Comunidade de Montes veciñais en Man común contra o Concello de Poio ante o Xulgado do Contencioso nº 2 de Pontevedra.

Sendo as catorce horas do trece de xuño do dous mil oito levántase a sesión extendéndose a presente acta da que coma Secretaria dou fe. A Presidenta, A Secretaria"

A Corporación por unanimidade acordou:

**Primeiro:** a adxudicación provisional a favor de COVIXERGA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALLEGA DE VIVENDAS, requeriéndoselle que proceda á constitución definitiva por importe de 24245,89 € dentro do prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación da adxudicación provisional, lembrándolle a necesidade de dar execución as actuacións definitivas na cláusula novena apartado d) no prazo máximo de 8 meses para poder proceder á adxudicación definitiva.

**Segundo:** requirir ao licitador incluídos na proposta de adxudicación para que no mesmo prazo previsto para acreditar a garantía definitiva, presente documento xustificativo da asunción dos riscos derivados da resolución do expediente de deslindamento do monte veciñal en man común da parroquia de San Salvador de conformidade co establecido no artigo 136 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e do procedemento contencioso-administrativo 171/2008 pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común Contra o Concello de Poio ante o Xulgado do Contencioso núm. 2 de Pontevedra.

**Terceiro:** notificar o presente acordo á Promociones Fernández Taboada, SL e a COVIXERGA; SOCIEDADE COOPERATIVA GALLEGA DE VIVENDAS.

MOCIÓN URXENTES.- Prodúcese as que seguen:

3138.- APROBACIÓN PREGO CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN CON PROCEDEMENTO NEGOCIADO URXENTE DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO DE "EXECUCIÓN CASA DE CULTURA DE RAXÓ".- Sometida a votación a urxencia deste asunto por non estar incluído na orde do día esta quedou aprobada por unanimidade.

Pola Sra. Secretaria dáse conta do expediente tramitado co motivo da execución das obras, incluídas no proxecto de execución da Casa de Cultura de Raxó, redactado polo equipo de arquitectos M+2E, D. Miguel Angel Muñoz Fernández, D. Emmanuel Romero Parra e D. Enrique Sánchez Muñoz, visado polo Colexio de Arquitectos con data 11 de xaneiro de 2007, cos documentos indicados no artigo 107 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

O citado proxecto do que se excluírán as partidas que se indican no informe emitido polos arquitectos redactores e o aparellador municipal con data 31 de maio de 2008, cos documentos que o compoñen, e que forma parte integrante do prego de cláusulas, tendo carácter contraactual. Sinálase como tipo de licitación o importe de 1.146.035,72 €, correspondendo 987.961,83 € ao orzamento de licitación e 158.073,89 € ao importe do IVE.

Dándose conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xuño de 2008 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta do expediente e da providencia da alcaldía, de data 12 de xuño de 2008, sobre proxecto de execución da Casa de Cultura en Raxó do contrato de execución das obras indicadas, adxudicadas no seu día á empresa Proinsa, polo que procede a iniciar un novo expediente de contratación polo orzamento que se indica de 1.146.035,72 €, dado que, segundo os informes existentes no expediente, expedidos polos técnicos directores das obras, procede a dedución das obras realizadas por importe de 138.470,13 € incluído IVE, do orzamento inicial do proxecto que ascendía a 1.284.505,85 € IVE incluído.

Así mesmo dáse conta do informe do equipo redactor das obras M+2E sobre o estado actual das obras e novo presuposto de licitación, de data 31 de maio de 2008; informe do servizo de contratación de data 13 de xuño de 2008; prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación, con procedemento negociado urxente das obras comprendidas no proxecto de "Execución da Casa de Cultura en Raxó", de data 13 de xuño de 2008, que consta de 29 cláusulas e informe da Intervención Municipal de data 17 de xuño de 2008.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente este asunto e propor ó Pleno a súa aprobación."

No expediente consta informes favorables do servizo de

contratación e da intervención municipal da existencia de crédito.

Entendendo a Secretaria para os efectos do establecido na Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público que o expediente formado cumpre os requisitos establecidos no artigo 93 da indicada norma, ao abeiro do establecido nos artigos 94, 153 e seguintes da Lei de contratos, o Pleno adoptou o seguinte acordo

Primeiro.- Prestar aprobación ao expediente de contratación correspondente á obra "EXECUCIÓN DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ" polo procedemento negociado urxente, cun orzamento de 1.146.035,72 € (dos que 158.073,89 € corresponde ao IVE), e un prazo de execución de 8 meses, segundo o proxecto redactado polo equipo de arquitectos M+2E, D. Miguel Angel Muñoz Fernández, D. Emmanuel Romero Parra e D. Enrique Sánchez Muñoz.

Segundo.- Proceder á apertura do procedemento de axudicación mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da provincia e nun xornal de maior difusión na provincia.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- preséntanse as que seguen:

A Sra. Ligerio Iglesias roga que se lle dea traslado por escrito do prego de normas que rexen o Servizo de Axuda no Fogar de Poio, xa solicitado no pleno do 25 de marzo de 2008 no que soamente se lle dou traslado por parte da Concelleira de Benestar Social do número de usuarios pero non do prego que rexen o servizo.

O Sr. Domínguez Lino solicita que cando a sesión plenaria coincida coas festas patroais se intente cambiar.

Tamén pregunta ao Sr. Alcalde se hai algunha novidade no realoxamento dos xitanos, xa que aos veciños de Caritel e de Boa Vista que están na sesión lle gustaría saber se hai algún tipo de novidade.

O Sr. Alcalde di que non houbo ningunha comisión de seguimento polo que non hai ningunha novidade. Cando nos volvamos a reunir haberá resposta pero ademais a convocatoria faina vicepresidencia.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte unha horas e corenta e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria xeral, dou fe.